

16.03.19 - PONTEVEDRA - 14KM

14 KM  
PONTEVEDRA  
**URBAN TRAIL**  
NIGHT  
16.03.19

Qualite Sport Sra. Emilia  
COMUNICACIÓN PÚBLICIDAD E SOCIAL MEDIA

## REGULAMENTO “III URBAN TRAIL NIGHT - PONTEVEDRA”

### 1 – ORGANIZACIÓN

O Concello de Pontevedra, en colaboración con QUALITÉ SPORT EVENTS e Sra. EMILIA AXENCIA DE COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE, organizarán o sábado 16 de Marzo a III Edición da “URBAN TRAIL NIGHT – PONTEVEDRA”

### 2 - SAÍDA E CHEGADA

A saída darase o sábado 16 de Marzo ás 20:00 horas con chegada a Praza de Touros da cidade. A organización poñerá ao servizo dos participantes unha liña de autobús ao final da proba. O primeiro autobús, partirá ás 21.30 h., dende as inmediacións da Praza de Touros, cara ao recinto feiral de Pontevedra. A saída do último autobús será ás 22.30 desde o mesmo lugar.

### 3 – PARTICIPANTES

O participante deberá ser obrigatoriamente maior de idade e utilizar, durante a carreira, un frontal ( headlight) e o chip facilitado pola organización. Os menores de idade que queiran participar, deberán enviar un correo electrónico [info@urbantrailnight.com](mailto:info@urbantrailnight.com) cunha autorización do pai, nai ou titor asinada.

O percorrido estará sinalizado e haberá persoal de seguridade nos cruzamentos conflictivos. O trazado da proba transcorre por rúas,



beirarrúas e parques das cidades, non estando permitido baixo ningún concepto saírse do trazado establecido pola organización, (sendo descualificado aquel participante que non cumpra este requisito)

#### 4 – SEGUROS

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil. Estarán excluídos os derivados dun padecimento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis, etc. Tamén quedarán excluídos os producidos por desprazamentos a/ou desde o lugar no que se desenvolve a proba.

#### 5 – CLASIFICACIÓN

A Organización ten previsto efectuar 8 clasificacións independentes con arranxo ás seguintes categorías:

- ABSOLUTA
- PROMESA-JUNIOR (ANO 1996 – 2002)
- SENIOR (ANO 1982 – 1995)
- MASTER A (ANO 1968 – 1981)
- MASTER B (ANO 1967 cara atrás)

- PRAZOS E PREZOS DE INSCRICIÓN

16.03.19 - PONTEVEDRA - 14KM

14 KM  
PONTEVEDRA  
**URBAN TRAIL**  
NIGHT  
16.03.19

Qualite Sport Sra. Emilia  
CONSEJO REGULADOR DE EDUCACIÓN E DEPORTE

- Dende o 20 de Decembro ata o 6 de Xaneiro de 2019: 12 €
- Dende o 07 xaneiro ata o 10 de Marzo de 2019: 14 €
- Dende o 11 ata o 13 de Marzo de 2019: 16 €

Máis UN EURO aqueles que non sexan propietarios do chip  
championchipnorte

- PACK CORREDORES

Coa inscrición, o corredor ten dereito a:

1. Bolsa do corredor (con detalles dos patrocinadores)
2. Dorsal con Chip
3. Seguro e Asistencia Sanitaria
4. Avituallamientos
5. Clasificación con tempo, que se publicarán na Web Oficial e [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ao finalizar a proba.
6. Camiseta conmemorativa
7. servizo de autobuses GRATUÍTO despois da proba.

DESCALIFICACIÓNS:

Serán descalificados da proba:



- Toda persoa que non teña dorsal
- Todo participante que non leve o dorsal visible na zona dianteira ou manipule o mesmo dobrando a publicidade
- Todo participante que NON leve frontal luminoso.
- Todo participante que manifeste unha actitude non deportiva
- Todo participante que non fixese o percorrido completo.
- Todo participante que non respecte as indicacións dos responsables da organización
- Todo participante que chegue fóra do horario máximo de 2 horas desde o momento que se efectúa a saída.
- Non se pode realizar a proba en bicicleta, patíns... tampouco se pode ir acompañado de cans ou outros animais de compañía.
- Os únicos vehículos autorizados para seguir a proba son os designados pola organización.
- Queda prohibido seguir aos participantes en coche, moto, bicicleta, patíns, monopatín... polo risco que representa.

## 6 - AVITUALLAMIENTO

O percorrido estará debidamente sinalizado pola organización. Existirá 1 posto de avituallamiento líquido a metade de percorrido e outro sólido e líquido en meta.



## 7 - SERVICIOS MÉDICOS

Os servizos sanitarios e as ambulancias, coordinados polo equipo médico, estarán situados na zona de Saída/Meta e pechando a carreira xunto co coche escoba. Calquera corredor con problemas médicos (alerxia, atencións especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba ou nas apartado “observacións” ao formalizar a inscrición. Pode tamén facelo saber á Organización a través do formulario que está no apartado de CONTACTO.

## 8 – VEHÍCULOS

Os únicos vehículos que poderán seguir a carreira, serán os autorizados pola organización e estarán debidamente sinalizados.

## 9 - CRONOMETRAXE

A carreira estará cronometrada por CHAMPIONCHIP NORTE. Durante a proba levará o chip na zapatilla, de forma visible, así como o dorsal proporcionado pola organización. A non observancia deste artigo será causa de descalificación.

## 10 - RECOLLIDA DE DORSAIS

Próximamente informaremos dos puntos habilitados



## 11 - RESPONSABILIDADES

A participación na proba está baixo a responsabilidade e propio risco de cada participante. Todo corredor que participe na proba declara someterse a recoñecemento médico, non padecendo enfermidade que lle impida tomar parte na mesma, atopándose en perfecto estado de saúde para disputar a proba.

A organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionarse durante a proba, causarse eles mesmos ou derivar deles a terceiros.

Todos os participantes debidamente inscritos estarán amparados por unha póliza de seguro colectivo de accidentes. Todos os participantes, polo feito de inscribirse, confirman que leron, entenden e aceptan o presente regulamento.

A III Urban Trail Night Pontevedra non se cancelará por condicións meteorolóxicas adversas. Se se cancelase por causa maior, non imputable á organización, non se reembolsará o prezo da inscrición.

## 12 - PROTECCIÓN DE DATOS e DEREITOS DE IMAXE

A aceptación do presente regulamento implica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización, á gravación total ou parcial da súa participación na mesma, dá o seu consentimento para que poida utilizar a súa imaxe para a promoción e difusión da imaxe da proba en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que consideren



oportuno executar, sen dereito pola súa banda a recibir compensación económica algunha.

No cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos facilitados pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade de QUALITÉ SPORTS EVENTS S.L, e utilizaranse para a organización de carreiras deportivas e eventos, así como xestións comerciais. Estes datos poden ser cedidos a administracións públicas, a organismos oficiais, así coma a empresas coas que o titular do ficheiro suscribise acordos comerciais. Do mesmo xeito, informámoslle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na R/ Martín, 16, 36770, O Rosal – Pontevedra

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, debendo comunicalo na web e avisando aos participantes no email facilitado na inscrición.